

LATÍN E ROMANCE. ASPECTOS XERAIS

José Antonio Puentes Romay

Universidade de Santiago de Compostela

1. Quero comezar por agradecer ao ILG a invitación que me fixo para intervir neste coloquio, aínda que o tema proposto non é doado de expoñer. Cando se fala das relacións entre romance e latín non é infrecuente partir deste último como dunha realidade estereotipada e baseada nos textos literarios “clásicos” tal e como se nos presentan nas modernas e pulcras edicións críticas. Por un lado, parece querer entenderse que ese é “todo” o latín, sen ter en conta que se trata da lingua literaria, froito dunha lenta e multidireccional elaboración e da que, supostamente, conservamos só os textos de máis alta calidade; por outro, pasando por alto que as edicións actuais que manexamos son o punto final a— ta agora— dun longo proceso de tradición manuscrita: os exemplares máis antigos con que contamos son, na súa maioría, de entre os séculos x e xii, cando non máis tardíos, cunhas escasísimas excepcións que se retrotraen non máis aló do s. iv da nosa era.

O proceso de copia non foi unha mera transposición literal e exacta: se se copian os textos é porque se len, non por curiosidade arqueolóxica, xa que a carestía dos materiais non permitía eses luxos. E se se len, procúrase *hex* e tamén— facilitar no posible tal traballo ao lector adaptándoos máis ou menos aos usos ortográficos e gramaticais do momento. Todo isto, ademais, vai acompañado dos posibles erros de interpretación, erros materiais de escritura, interpolacións, escolios, etc.

Polo demais, apenas contamos con algún testemuño de escritos non literarios sobre material brando ata finais da Antigüidade. Contamos, iso si, cunha boa cantidade de material epigráfico, pero a súa linguaxe é na maior parte dos casos moi estereotipada e relativamente afastada da fala espontánea e informal. Dito claramente: non temos unha idea coherente do que era a lingua falada, dos seus distintos rexistros, das súas variacións no espazo e no tempo. Só contamos cunha serie de datos dispersos que nos permiten concibir unhas ideas algo vagas e, por se fose pouco, sen que haxa sempre unanimidade na súa interpretación.

Nin sequera é moi afortunada a denominación s— upostamente xa canónica— desa realidade: o termo *latín vulgar* naceu cargado de connotacións negativas e asociouse axiña por moitos a unha etapa tardía da lingua. É certo que conforme nos aproximamos ao final da Antigüidade vai aumentando o número de textos non literarios ou menos literarios e, con eles, as mostras de trazos que se apartan do gramaticalmente correcto, pero desta evidencia infírese en non poucas ocasións a súa asociación automática co carácter tardío, perdendo de vista que o que temos é, en realidade, máis mostras deses fenómenos e non tanto de máis fenómenos.

A cuestión, polo tanto, da relación entre latín e romance débese enfocar como un *continuum* histórico desde as mostras máis remotas no tempo do latín e a floración do romance a partir do s. VIII, especialmente detectable no material documental. A lingua literaria debe, en consecuencia, entenderse como unha superestrutura, debaixo da cal se agacha unha realidade lingüística que só podemos observar a través de pequenos furados protexidos con cristais afumados. Algo podemos ver e ímolo intentar.

2. Desde a data da fundación de Roma (753 a.C.) ata o s. IV a.C. carecemos virtualmente de calquera información sobre o latín. Os primeiros textos literarios, en verso, responden a unha *imitatio* de temas e formas literarias gregos e, desde logo, parece estar ben claro que non responden a unha mera posta por escrito do que era a lingua de uso común: só en certas pasaxes de Plauto podemos percibir unha certa aproximación que non se debe confundir con reprodución fiel. A lingua destes textos responde máis ben a un embrión de canon literario resultado da tradición, que non conservamos por escrito, das fórmulas relixiosas e xurídicas e ademais, aos efectos do que aquí nos interesa, non temos ningunha garantía máis ben todo o contrario— de que respondan en todo ao seu aspecto orixinario.

Contamos paralelamente con inscricións que, para sorpresa de moitos, subministran información segura sobre a verdadeira antigüidade de fenómenos atribuídos moitas veces a épocas máis recentes. Vexamos algúns exemplos:

1. Q. K. *Cestio* Q. f. *Hercole* dono [d]edero (sec. III a.C.)
2. C. *Aurilius* C. f. praitor iterum *didit eisdim* consl probauit (202 a.C.)
3. M. *Foluius* M. f. Sr. n. Nobilior cos. Ambracia cepit (189 a.C.)
4. Coronicei T. Terentius L. C. l. *donom mereto dedet.* (167 a.C.)
5. C. *Manlio Acidino* cosol pro *poplo Arimenesi.* (190 a.C.)

Sen ánimo de ser exhaustivo, observamos fenómenos como a vacilación entre os timbres vocálicos *e/i* e *o/u*, omisión de *-m* final en *dono*, ausencia de *-s* final en *Cestio*, ausencia de *-n-* ante *-s-*, síncope en *poplo*, todos os ca-

les poden resultar moi familiares aos que estean afeitos a traballar con textos “protorromances” tardíos, aínda que a presenza de formas como *praitor* ou *Coroniceĩ* delatan o seu arcaísmo.

Con estes exemplos pódese ver, como digo, que unha serie de fenómenos que moitas veces se atribúen a unha época tardía están testemuñados desde época moi temperá. É necesario sinalar aquí, polo menos, dúas cousas. A primeira é que, a pesar do devandito, estes textos non poderían pasar por tardíos, pois, á beira de tales fenómenos, aparecen outros que son testemuña incontrovertible da súa antigüidade: as formas *praitor* ou *Coroniceĩ* móstrannos dous ditongos *-ai-* e *-ei-* que son necesariamente arcaicos. A segunda é que, pola época á que pertencen, aínda non está constituída unha norma da lingua literaria ou, polo menos, a norma que se chegou a impor co tempo. A partir deste postulado, convén pór de relevo a idea, xa mencionada máis arriba, do *continuum* histórico da lingua de uso común, non literaria ou, cunha denominación moi equívoca, pero que se fixo moi coñecida, “vulgar”.

3. Isto lévanos a abordar unha cuestión crucial, coñecida e ata obvia para calquera latinista, pero, polo que se pode apreciar, non tan asimilada no ámbito da Romanística: o papel da lingua literaria na historia do latín ata o romance. E isto é, sinxelamente, que tal lingua literaria ou, noutras palabras o latín que estudamos, o latín dos textos literarios, non se pode considerar, sen máis, unha etapa da evolución do latín. É algo paralelo a ela, aínda que non illado dela: ás veces cáese tamén no erro contrario á postura que viamos, considerando a lingua literaria como un cúmulo de artificiosidades que, levando isto ás súas últimas consecuencias, sería incomprendible para a maioría dos contemporáneos. Convén, xa que logo, que nos deteñamos un pouco aquí.

Os primeiros textos literarios que coñecemos sitúannos entre os séculos III e II a.C., aínda que tanto a obra de Livio Andronico ou de Nevio chegaron moi fragmentariamente e sempre mediante citas doutros autores, co que o primeiro autor que podemos coñecer ben é Plauto. Sobre este autor fixéronse algunha vez xeneralizacións precipitadas sobre a posición que ocupa a súa lingua, atribuíndolle unha total fidelidade ao latín coloquial da súa época, sen ter en conta que, en primeiro lugar, é unha adaptación da Comedia Nova grega; que, como tal, presenta unhas formas métricas adaptadas do grego, de gran complexidade en moitos momentos; que hai en moitas pasaxes unha boa dose de parodia da linguaxe oficial ou relixiosa; que o reflexo da fala coloquial non pasa de ser unha aproximación, sen que nos poidamos facer unha idea exacta do rexistro no que se sitúa. Por se todo isto fose pouco, os seus textos non correron sorte distinta aos doutros autores na súa

transmisión: cando se copia un texto é porque hai interese en lelo; cando hai interese en lelo procúrase facilitar esa lectura e, para facilitar a lectura, consciente ou inconscientemente aproxímanse -non se igualan- os distintos compoñentes (grafía, morfoloxía, etc.) aos usos propios do momento da copia, evitando, en xeral, desvirtualo, máxime cando está composto en verso, aínda que isto último ten uns límites pouco precisos. Este proceso dura ata hoxe mesmo: non hai máis que ler o prólogo da edición de Lindsay (1959, Oxford) para ver como se regularizou a grafía e como esta se adaptou para evitar confusións prosódicas.

A este respecto convén recordar que as copias máis antigas de textos literarios latinos de que dispomos non remontan na maioría dos casos a máis atrás dos séculos XI-XII, que as excepcións máis antigas (moi poucas) non van máis aló do século IV e que os escasos papiros antigos que conservamos son poucos e fragmentarios. Ademais, as modernas edicións críticas tenden a fixar os textos cuns criterios de estandarización que non sempre teñen en conta sequera testemuños explícitos da Antigüidade. Todo iso contribúe a que hoxe se teña unha idea moi estereotipada do latín literario.

Pero repasemos agora algúns aspectos da súa formación que nos poidan interesar aquí. Desde os primeiros séculos da existencia de Roma ata a aparición dos primeiros textos literarios vaise configurando unha tradición de lingua formal ligada á relixión e ao dereito. No primeiro caso trátase de fórmulas rituais e *carmina*, isto é, cánticos, como o dos Salios ou o dos Fratres Arvales; no segundo, de leis e fórmulas xurídicas, cuxo primeiro representante coñecido é a Lei das XII Táboas. A característica común é que se trata dunha lingua enormemente conservadora en léxico e morfoloxía e na que domina a construción paratáctica, o asíndeto e a acumulación de termos nominais ou verbais que pretenden recoller todo matiz posible. En canto ao léxico, este responde ás características dunha lingua propia dunha comunidade basicamente formada por agricultores, cunha notable riqueza no campo semántico de tal actividade e cunha non menos notable pobreza en termos abstractos: esta última característica acompañará ao latín ao longo de toda a súa historia como lingua viva e non se superará totalmente ata a Baixa Idade Media. Debido a iso, hai unha tendencia moi marcada ao predominio das expresións de tipo concreto, por exemplo *ab urbe condita*, ou todas as formadas a base de sintagmas nos que se contén a palabra *res*.

Os primeiros textos literarios están claramente marcados por estas características. De entre elas, o predominio do conservadorismo e do arcaísmo (a *uetustas*) son quizais os alicerces básicos do estilo e, en boa medida, o patrón básico de norma, o que, en definitiva, en unión co ritmo, os afasta da lingua, mesmo culta, de uso normal do seu tempo. As características desta, como xa dixemos ao falar de Plauto, escápanse na súa maior parte, pero

quizais sexa importante insistir no feito de que, salvo a *uetustas* e unha certa *auctoritas* da tradición formular non parece existir aínda un concepto claro de codificación da lingua e unha mínima normativa.

Xustamente a procura desta é un proceso que, en gran medida, culminará con Cicerón. Contemporáneo deste autor é Varrón e a el débese a primeira obra de reflexión sobre a lingua latina que coñecemos, aínda que só nos chegou un terzo dela. Aparecen alí dous conceptos tomados da tradición helenística: analoxía e anomalía. Neles sustentáronse os criterios para a edición e corrección dos textos da literatura grega e tamén Varrón se apoia neles para o estudo do incipiente corpus literario latino. Pero vai máis aló: fai ver que unha e outra tendencia, aparentemente antagónicas, están presentes na lingua en constante tensión e que, ademais poden constituír un criterio sólido no que sustentar a base da norma, moi especialmente no campo da morfoloxía. Cicerón, pola súa banda, achega o concepto da *urbanitas*, que vén ser o *usus* ou *consuetudo* lingüística das persoas cultas de Roma e móstrase contrario ao predominio da *uetustas*, todo o cal queda plasmado na práctica da súa extensa obra. Merece destacarse tamén a importante achega de César, renovador da prosa literaria en liñas moi semellantes ás de Cicerón e partidario fervente do predominio da analoxía, como parece plasmar na súa obra *De Analogia*, infelizmente perdida pero sen dúbida moi influente: aquí poderíamos atopar a base da preferencia de formas como *nouisse* fronte a *nosse*, *noueram* fronte a *noram*, *amauisti* fronte a *amasti*, etc. Todo parece indicar que estas formas “plenas” eran máis ben artificiosas e opúñanse ás formas “curtas”, máis propias da lingua de uso común, tendendo a desprazalas paulatinamente da norma da lingua literaria.

No que se refire ao léxico, dáse un progresivo esforzo para adaptalo á comunicación das novas realidades da sociedade romana. Para iso, os procedementos son varios. En primeiro lugar, conferindo un sentido abstracto a expresións orixinariamente moi concretas referentes na súa maioría ao ámbito agrícola; inicialmente “podar” ou “rozar” pasa a significar “pensar”; *legere* pasa de “colleitar” a “ler”; *liber* pasa de “cortiza” a “libro”. En segundo lugar están os préstamos gregos, uns introducidos desde moi antigo por vía popular, como *purpura*, outros por vía literaria como *philosophia*, *historia*, etc. Un caso especial, moi practicado por Cicerón, é o calco semántico de palabras gregas: á parte de termos como *rectangulus* ou *magnanimus* está algún cuxa inexistencia en latín dificilmente poderíamos imaxinar hoxe, tal é o termo *qualitas*, que Cicerón crea, seguindo o modelo grego, do interrogativo *qualis*. Agora ben non todas estas creacións tiveron o mesmo éxito: a título de exemplo, como alternativas á adopción pura e simple do termo grego *etymologia*, que acabou impóndose, ensaiáronse *notatio* e *ueriloquium*, que pronto caeron en desuso.

Pero non só as posicións teóricas e a prosa foron motores da creación da norma. A poesía da época dos Neotéricos supón tamén unha renovación non só de temas, senón tamén da lingua. Limitábase moito o arcaísmo, deixándose como toque estilístico en doses moi medidas, dáse carta de natureza a moitas palabras gregas, adóptanse máis metros gregos e búscase a perfección formal. Estas características veranse potenciadas nos grandes poetas clásicos, cuxas obras pronto se considerarán modelos a imitar.

Isto último, referido tanto a prosistas como a poetas, que se converten en canónicos, dá lugar ao criterio da *auctoritas*, criterio que, unido equilibradamente aos xa mencionados (*uetustas*, analoxía ou *ratio*, e *consuetudo*), completa o balance das bases nas que se apoia a norma da lingua literaria (o *recte loqui*), e que, á súa vez, é a base imprescindible para a propia creación literaria e para o que é o seu punto de apoio fundamental: a oratoria, cuxa teoría e práctica se codifica na *ars bene dicendi*, isto é, a retórica.

Chegados a este punto, creo necesario facer dúas consideracións. A primeira é que, a pesar das aparencias, a normativa lingüística nunca chegou a ter o grao de rixidez ao que hoxe en día estamos afeitos, especialmente na nosa contorna máis próxima. E é que as aparencias ás que me refiro son as que nos veñen dadas por unha tradición gramatical que se fai especialmente selectiva a partir do Renacemento, tanto no terreo da ortografía, como da morfoloxía ou da sintaxe. Esta última baséase maioritariamente nos usos de Cicerón e as outras dúas quixéronse presentar como apoiadas no mesmo criterio. Nada máis lonxe da realidade, pois a pouco que leamos textos gramaticais, comezando por algunha pasaxe do *Orator*¹ do propio Cicerón ou polo que nos di Quintiliano no libro I da *Institutio Oratoria*, convencerémonos de que iso non era así e que numerosas variantes ortográficas e morfolóxicas distaban moito de estar condenadas ao ostracismo. Vexamos algunhas mostras:

[...] et medius est quidam u et i litterae sonus (non enim sic *optimum* dicimus ut *optimum*), et [in] *here* neque e plane (1, 4, 9) neque i auditur; (QUINT. inst. 1, 4,9).

Sciat etiam Ciceroni placuisse *atio Matiamque* geminata i scribere: quod si est, etiam iungetur ut consonans. (QUINT. inst. 1, 4,12).

Inherent tamen ei [sc. analogiae] quidam molestissima diligentiae peruersitate, ut 'audaciter' potius dicant quam 'audacter', licet omnes oratores aliud sequantur, et 'emicauit', non 'emicuit', et 'conire', non 'coire'. His permittamus et 'audiuis-

1. Cic. Orat. 160-162.

se' et 'sciuisse' et 'tribunale' et 'faciliter' dicere; 'frugalis' quoque sit apud illos, non 'frugi': nam quo alio modo fiet 'frugalitas'? Idem 'centum milia nummum' et 'fidem deum' ostendant duplices quoque soloecismos esse, quando et casum mutant et numerum: nesciebamus enim ac non consuetudini et decori seruebamus, sicut in plurimis quae M. Tullius in Oratore diuine ut omnia exequitur. Sed Augustus quoque in epistulis ad C. Caesarem scriptis emendat quod is 'calidum' dicere quam 'caldum' malit, non quia id non sit Latinum, sed quia sit odiosum et, ut ipse Graeco uerbo significauit, περίεργον. QUINT. inst. 1, 6, 16-19).

A segunda consideración é o papel da escola. Todo o procedemento de aprendizaxe tiña como base os textos literarios considerados canónicos (sen esquecer o coñecemento do grego), polo que o mero feito de aprender a ler e escribir supuña xa de entrada unha toma de contacto inmediata coa lingua literaria e moi especialmente coa poesía. Así, os que chegaban a alcanzar e superar o nivel máximo (o da escola do rhetor) adquirían o seu dominio activo e pasivo; os que quedaban nun nivel intermedio alcanzaban como mínimo un dominio pasivo e tamén activo nun nivel máis ou menos aceptable e, para rematar, quen nin sequera estivese escolarizado tiña polo menos a ocasión dun grao de asimilación máis ou menos consciente oíndo aos oradores no foro ou asistindo a representacións no teatro.

Todo iso supón que, en distintos graos, a lingua literaria non fose algo alleo a ningunha capa da poboación romana. Non era, desde logo, alleo, pero, en paralelo, non é fácil crer que a lingua de uso normal e diario das persoas máis formadas fose precisamente a lingua dos textos literarios: en todo momento as fontes fálannos do *sermo cotidianus*, cuxa variedade, está claro, alcanzaría polo menos os mesmos graos que podemos ver na nosa sociedade actual. En todo caso, e ata no seu nivel máis elevado, podería manter vocábulos e formas excluídos da lingua literaria e tamén dar cabida a evolucións que dificilmente se poderían admitir nesta. Agora ben, resúltanos moi difícil facernos unha idea exacta do alcance de todo isto, pois as noticias que temos son moi escasas: por unha banda, os poucos textos -sempre moi curtos- que nos chegaron, ata os graffiti pompeianos, deben observarse con coitado, pois o mero feito de escribir supón sempre un intento -con maior ou menor éxito- de aproximación ao ideal de norma que propugna a escola. Con todo, podemos observar algúns trazos que nos mostran que certos fenómenos que volveremos achar en textos de comezos da Idade Media xa se daban daquela. Por exemplo:

— Myrtille, *habias propitium Caesare*.

— Hec uenatio *pugnabet* V k. *septembres* et Felix ad ursos *pugnabet*.

Por outra banda, os textos gramaticais que nos chegaron son fundamentalmente normativos, polo que non abundan, nin moito menos, as noticias sobre realizacións “vulgares”.

Este termo que acabo de utilizar, isto é, o de *latín vulgar* é xustamente o que acabo de mencionar: a lingua de uso común e non literario, que debe entenderse como un amplo complexo de rexistros e carente de toda connotación cronolóxica. Abarca, xa que logo, o latín falado en todo momento da súa historia e do que, por razóns obvias, só podemos alcanzar unha visión moi borrosa e imprecisa, de acordo co que acabo de dicir. Ao seu lado, a lingua literaria, que si coñecemos, forma unha superestrutura que non se pode considerar como unha etapa da evolución que puidésemos chamar “natural” do latín, pero que ten as súas etapas propias, dúas das cales xa describín: a arcaica e a da normativa que culmina nas súas liñas xerais coincidindo co final da república, e que podemos estender ata ben entrado o século II d.C., á cal se denomina comunmente *latín clásico*, todo o máis facendo unha distinción especial do de Época Imperial e que en liñas xerais pode caracterizarse pola súa maior estilización e consecuente afastamento do *sermo cotidianus*.

Nese momento, con todo, irrompe unha corrente paralela de latín escrito, como é o latín cristián ou, quizais máis exactamente, o *latín dos cristiáns*, no que podemos distinguir dúas vertentes: un primeiro momento, por unha banda, no que a lingua escrita ten pouco en conta os modelos literarios ao uso e, polo tanto, aproxímase á lingua de uso normal, sen que isto supoña a súa identificación con ela, aínda que pronto tenderá a volver a eles; en segundo lugar -e isto é válido para ambos os momentos- está a incorporación dunha serie de tecnicismos novos e propios do cristianismo, xa sexa por incorporación de préstamos hebreos, p. ex. *abba* ou, en maior medida, gregos, tipo *baptisma*, *ecclesia*, xa sexa por encher con novos significados distintos termos latinos preexistentes, talles como *anima* ou *gloria*, por pór só dous exemplos. En calquera caso e unha vez incorporada a lingua da literatura latina cristiá ás correntes literarias do momento, podemos falar de *latín tardío*, denominación que estendemos ata o momento en que a lingua falada deixa de ser latín para pasar a ser as distintas variedades romances.

4. O verdaderamente difícil é decidir cando ocorre isto. Non parece moi verosímil, dada a extensión do Imperio e a diversidade de pobos romanizados, coas súas distintas linguas, que o latín falado fose uniforme en toda a súa extensión, aínda que iso non significa que non fose intercomprensible; é máis, a pervivencia das comunicacións fluídas, da administración imperial e da organización escolar contribuíron decisivamente ao mantemento dunha unidade lingüística. A norma e o ideal de perfección son únicos e uniformes,

polo que o latín escrito apenas coñece diferenzas locais; a realización oral de cada provincia ou zona era cousa distinta e diso temos, xa desde Cicerón, testemuños xenéricos, aínda que, por desgraza, carentes de detalles: todo o máis, algunha referencia léxica como a que nos dá Quintiliano² do uso hispánico da palabra *cantus* para o canto da roda (e nótese, de paso, a pervivencia do termo).

Sen entrar en diferenzas locais, os testemuños que nos dan os textos gramaticais sobre *uitia* que deben ser evitados distan bastante de ser moi explícitos. Pero hai algúns. Así, nun texto atribuído a Terencio Escauro (s. II d.C.)³ dánosen indicacións sobre usos correctos das preposicións á beira dalgúns incorrectos. Outro texto, coñecido xeralmente como *de uerbis dubiis* e atribuído (dubidosamente) ao gramático Caper⁴ do mesmo século achéganos unha serie de formas ordenadas alfabeticamente con indicacións sobre o seu xénero gramatical, nuns casos, sobre a súa ortografía, en moitos, ou sobre a súa etimoloxía, nuns poucos, ou sobre a súa flexión: algunhas delas contrapon a forma correcta á incorrecta. Por exemplo:

a) No terreo del léxico:

accipiter, non acceptor
 adventicia caena, non adventoria
 cucumis, non cucumer
 palmus in mensura, palma in manu
 sternuit, non sternutat

b) No terreo da morfoloxía:

bracas, non braces
 elephantus, non elephants
 cardo hic, non haec
 dorsum, non dorsus

c) No terreo da sintaxe:

aemulor illum, non illi
 mereor de te, mereo aera
 quatinus coniunctio causalis est, quatenus [adverbium] loci aut temporis.

2. QUINT. inst. 1,5,8.

3. GLK VII, 29-33.

4. GLK, VII, 92-112.

- d) No terreo ortográfico:
 adstringe, non astringe
 ebur, non ebor.

Máis coñecido é, con todo, o texto tradicionalmente denominado Appendix Probi, transmitido ao final da *Arx* de Probo⁵ (s. iv d.C.), pero sen datación segura. Adoita considerarse como unha fonte preciosa de vulgarismos, pero isto, do mesmo xeito que no texto do pseudo-Caper, debe observarse con cautela, pois un e outro son recompilacións casuísticas do que no seu momento é ou, polo menos se considera como, formas ou construcións correctas, independentemente de que a forma rexeitada sexa realmente un vulgarismo ou de que a forma preconizada sexa, en ocasións, a que en toda a tradición do latín pase por máis correcta. Ocorre, en efecto, que certas formas rexeitadas son simplemente ultracorrectas, caso entre os exemplos que acabo de pór, de *elephantus non elephans*, *bracas non braces*, ou ben froito de disquisicións teóricas como é o caso de certas formas en *-ur*, xene. *-oris*, como *ebur* ou *robur*, para as que algúns propugnaban nominativos tamén en *-or* (p. ex. *ebor*) ou, pola contra, a xeneralización do cambio vocálico incluíndo así unha forma *marmur* no canto de *marmor*, como se ve en *App-Pr. 1: porphyreticum marmor non purpureticum marmur*, onde, por certo, a forma *purpureticum* responde á máis vella tradición latina. Noutras moitas ocasións, a cuestión exposta é puramente ortográfica: a título de exemplo mencionarei simplemente *uir* non *uyr* (120), preferida esta última por quen pretendía representar con maior exactitude o son da vogal, ou ben *lapsus non lapsus* (205) e *plebs non pleps* (181) e outras similares, motivadas pola discusión sobre como debía representarse por escrito o grupo de labial + s; por certo que, neste caso, prima o criterio que poderíamos chamar etimolóxico, o da *ratio*, fronte á *consuetudo* que prefería *lapsus* (pero *plebs*).

5. Pero retomemos o fío do que viñamos dicindo. A partir do momento en que fallan os factores de cohesión xa mencionados, as diferenzas acentúanse. Claro está, os efectos disto non son repentinos nin a cohesión se debilita por igual en todas as zonas. Por iso non ten sentido falar de datas, mesmo sexan estas aproximadas, aínda que, convencionalmente, adoita dicirse que ata o ano 600 d.C. non hai maior dúbida sobre a unidade (insisto, non uniformidade) e que a partir do 800 produciuse a fragmentación, quedándonos no medio unha zona sombría e indeterminada.

A medida que nos aproximamos a esas datas críticas de finais da Antigüidade e comezos da Alta Idade Media imos contando cunha maior presenza

5. *GLK* IV, 197-199.

de textos escritos non propiamente literarios. A súa falta de corrección (moitas veces máis aparente que real) conforme á norma da lingua literaria fixo pensar tradicionalmente nun derrubamento precipitado do edificio da lingua latina acusado cunha serie de termos pexorativos como avulgaramento, corrupción ou descomposición, sen que se tivese en conta ata época bastante recente que de momentos anteriores só nos chegou o máis selecto e representativo. Se paulatinamente a masa de escritos que nos chega aumenta, aumentan tamén as posibilidades de que non nos chegue exclusivamente o mellor. Para sorpresa de moitos, ademais, este material tardío posúe unha serie de parecidos moi notables con algúns dos trazos que comentabamos ao principio desta exposición referidos a inscricións arcaicas. Tradicionalmente tendeu a considerar estes trazos comúns como realidades diferentes: os arcaicos como mostras da lingua “en formación” e os tardíos como mostras da “lingua en descomposición”. Realmente non parece haber ningunha razón seria que avale estas afirmacións e si, en cambio, motivos de peso para consideralos como mostras dunha continuidade que nos queda enmascarada pola paréntese que supón a lingua literaria. Paréntese que é moito máis aparente que real e que se debe, máis que a outra razón, á escaseza de mostras non literarias no período de florecemento dos grandes escritores ou, quizais mellor aínda, á interpretación, xa mencionada, do “latín clásico” como un período máis na evolución da lingua.

Unha afirmación tópica que podemos atopar en distintos manuais de historia da lingua latina ou de latín tardío e medieval é a de que en época tardía a ortografía pouco menos que deixa de existir, dando lugar a un auténtico caos. Creio ter demostrado en máis de unha ocasión a absoluta inexactitude de tal afirmación, pero como sei por experiencia que a crenza aínda perdura, vou recordar aquí os puntos fundamentais que deben terse en conta:

- 1º A pesar das aparencias baseadas no aspecto gráfico das nosas actuais edicións críticas, en latín nunca chegou a haber unha normativa ortográfica totalmente rixida. Isto pode comprobarse: a) coa lectura de inscricións; b) cos testemuños dos textos gramaticais, especialmente os que se refiren ás cuestións ortográficas; c) coa lectura de manuscritos e d) coa simple lectura dos prólogos de moitas edicións críticas, onde se indican os criterios de unificación gráfica escollidos polo editor.
- 2º En consonancia co que antecede, existiron ao longo de toda a historia do latín inseguridades, vacilacións e controversias ortográficas, á vez que determinadas convencións puramente visuais. É moi significativo, por exemplo, o conservadorismo da linguaxe xurídica e legal, polo

menos ata finais da República, que neste terreo se manifesta no manteremento de grañas como *ai*, *ei* e *oi* que, polo menos nos dous últimos casos, corresponden a ditongos que xa monotongaran en época histórica. Temos tamén testemuños suficientemente seguros, que abranquen toda a historia do latín, de vacilación entre o uso de signos vocálicos, por unha banda entre *e/i* e, por outro, entre *o/u*. Igualmente temos fortemente testemuñadas certas regras que nunca chegaron a callar, pero que algúns se empeñaban en manter custase o que custase, por exemplo a distinción puramente gráfica entre o xenitivo de singular e o nominativo de plural da segunda declinación, escritos respectivamente *pueri* e *puerei*, así como a distinción entre xenitivo de singular e nominativo de plural da primeira, tipo *rosai/rosae*, por non mencionar a opinión dalgúns sobre a necesidade de escribir *k* en lugar de *c* ante a vogal *a*.

- 3º No que se refire ao consonantismo, ademais do que acabo de mencionar, maniféstanse desde moi antigo vacilacións co uso de *h*, co uso de *-m* final (de articulación moi débil ou practicamente nula e omitida xa en moitas inscricións arcaicas), coa escritura asimilada ou non dos preverbios (*illustris* / *inlustris*), coa vacilación en consonantes finais *-t* / *-d* (por exemplo entre *sed/set*, *ad/at* e ata *atque* / *adque*), ou ben a presenza ou non de *-n-* ante *-s(-)*, tipo *amas* / *amans* ou *thesaurus* / *thensaurus* ou ben formas como *translatus*, *traslatus* ou *tralatus*. A iso podemos engadir a presenza de signos non etimolóxicos, concretamente *-p-*, para indicar a presenza dunha oclusión labial, como *eumpse*, *sumpsi* ou *sumptus*.
- 4º A estas vacilacións tradicionais veñen unirse as que se producen como consecuencia da evolución fonética da lingua a partir da Época Imperial: uso de *b/u*, por confluír /b/ e /w/, uso de *c/g* ou de *d/t* en posición intervocálica ou ata inicial; coas vogais, debido á aparición de ditongos crecentes por evolución de antigos hiatos, como podemos ver en *habeas* / *habias*.
- 5º Sen que se poida precisar claramente unha data inicial, pero xa moi claramente a partir dos séculos III-IV, se non antes, a aparición de palatalizacións fai que, na práctica, pasen a ser meros dígrafos secuencias gráficas que anteriormente representaban secuencias fónicas: é o caso de *ti* + vogal, *ci* + vogal, os grupos *-gn-*, *-ng-*, *-in-*, *-ni-* + vogal ou *-ne* + vogal; a isto deben engadirse outras palatalizacións que se van producindo de forma sen dúbida máis tardía e de forma diverxente, como é o caso do que ocorre cos antigos grupos *pl*, *fl*, *cl*, *mn*, ou coas antigas xeminadas *-ll-* e *-nn-*, sen esquecer a palatalización da antiga /k/ ante vogais anteriores.

6º Só o mencionado neste último punto podería, en teoría, xustificar que se falase dun suposto caos ortográfico, pois o demais, quizais coa excepción parcial do que se cita no punto 4º, estivo sempre presente na escritura do latín. Pero é que nin sequera a posible avalancha de confusións que tales fenómenos puidesen desencadear existe en realidade: a súa incidencia é mínima e moi ocasional. A razón desta baixa incidencia ten moito que ver coa tradición escolar, pero isto debemos analízalo con certa atención, pois lévanos xa a un punto crucial, como é o de delimitar o status lingüístico dos textos, especialmente dos documentos que conservamos a partir de finais do século VIII ou comezos de IX, centrándonos xa no Noroeste peninsular.

6. O ensino escolar ata ben entrada a Idade Media seguiu as pautas tradicionais da gramática latina nos seus distintos apartados: letras e ortografía, as *partes orationis* declinables e non declinables, acento, métrica e as *uirtutes* e *uitia*. No que atinxe ás letras e ortografía, as unidades básicas seguen sendo as *litterae*, independentemente de que, como acabamos de ver, a evolución natural da lingua dese lugar á coalescencia de determinados fonemas ou á aparición de novos sons como é especialmente o caso das palatalizacións. Isto levaba a que se, por exemplo, unha palabra como *agnus* se lía como [añus] analizábase, con todo, en *a+g+n+u+s*. Agora ben, podía ocorrer que este mesmo novo son palatal se producira a partir doutras secuencias fónicas, como podía ser o caso de *uinea*, ou a súa variante gráfica *uinia*, pronunciado en ambos os casos como [biña] e a consecuencia é que, á hora de escribir, se non se dominaba ben a ortografía, producísense grafías inversas tipo *anius* e *uigna*. Estas posibilidades danse na realidade, pero a súa incidencia é máis ben baixa e, en calquera caso, as secuencias de letras non forman combinacións insólitas na grafía do latín.

É necesario insistir, ademais, na idea de que a aprendizaxe escolar está centrada exclusivamente no latín e que a única referencia é o latín e as súas categorías gramaticais. Canto maior sexa o dominio da gramática maior será a comprensión dos textos literarios e maior será tamén a calidade da lingua á hora de escribir. E agora podemos facemos unha pregunta: como se le o latín? A resposta non é sinxela e, sen ningunha dúbida, debemos facer unha primeira distinción: que o ambiente onde se ensina e le sexa de lingua latina evolucionada (= románico) ou estraño a esta, xa sexa céltico (caso de Irlanda) ou xermánico. Todo parece indicar que no primeiro destes dous últimos líase pronunciando *grosso modo* todas as letras e algo parecido podía ocorrer en ambiente xermánico, tendo especialmente en conta a orixe insular das fundacións monásticas; en ambos os casos está clara unha diferenciación entre latín (lingua culta e codificada) e lingua coloquial. En ambiente romá-

nico, en cambio, debemos supor, en primeiro lugar, que aínda que a partir de finais do século VIII a lingua falada en cada zona sexa obxectivamente romance se se contempla desde o noso punto de vista actual, isto non quere dicir necesariamente que existise unha conciencia de separación entre lingua culta e lingua coloquial como o que hoxe chamariamos dous sistemas distintos. Consecuentemente, e manexando os datos que podemos extraer do material documental existente, creo que é lícito supor que a forma de ler o latín foi evolucionando en harmonía coas innovacións fonéticas naturais da lingua, sen que isto signifique de ningún modo unha total identificación con estas, tal como tratarei de facer ver dentro dun momento.

A situación, xa que logo, en ambiente románico, seguiría sendo bastante parecida á tradicional no mundo romano: unha lingua literaria que é o único obxecto de estudo gramatical e único ideal de perfección fronte a un fala “vulgar” que non é obxecto de análise máis que, no mellor dos casos, como compendio de *utilia* fronte ao gramaticalmente correcto. Podería obxectarse agora que a distancia entre unha e outra é moito maior que a que había, digamos, a comezos da Época Imperial. É moi probable, sen dúbida, que moitos textos literarios, antigos ou contemporáneos, resultasen pouco menos que incomprendibles, pero moito me temo que isto xa podía ocorrer moito antes. Outros, en cambio, como son os textos relacionados coa liturxia, poderían moi ben resultar dunha maior transparencia, aínda que non fose máis que por ser reiteradamente oídos e, no seu caso, explicados en palabras máis sinxelas. Ademais, non creo que se poida excluír categoricamente a posibilidade de que, ao non haber conciencia de dúas linguas distintas, un certo número de estruturas gramaticais latinas (polo menos casos como o xenitivo e formas verbais pasivas) fosen pasivamente comprensibles por persoas de escasa e ata nula formación escolar e, á súa vez, ocasionalmente utilizadas oralmente por persoas cun bo grao de formación.

En canto ao que se escribe, o abano de posibilidades é moi amplo e comprende desde os textos altamente elaborados nos que se pode dar un alto grao de artificiosidade e complicación conscientemente buscadas ata os textos puramente utilitarios, como é o material documental. Neste pode ser tamén moi variable o grao de corrección, pero, en calquera caso, no seu armazón atoparémonos sempre cunha serie de fórmulas xurídicas, acompañadas en ocasións de citas tomadas da Biblia, da liturxia ou doutros textos literarios, moi especialmente na documentación procedente de centros importantes, xa sexan monásticos, catedralicios ou da chancelaría real. Vexamos un exemplo do comezo dun documento da Colección do Mosteiro de San Vicente de Oviedo (Floriano Llorente 1968, 19 de maio de 974, nº 18), que poderíamos cualificar de nivel medio-alto:

In nomine Domini. Non est dubium sed multis manet notum eo quod dum cepit egrotare Bonellus, cognoscens extremum uite euenire sibi diem, disposuit facultatem suam inter fratres monasterii Sancti Vincenti leuite et suam uxorem nomine Arcagie in presentia multorum testium qui subter scripturi uel signa facturi sunt...

En canto ás fórmulas, podemos achar unhas cantas que se repiten con diversas variantes. Vexamos dous exemplos:

—*Plaguit nobis et uenit uoluntas, nullis quoque gentis imperio neque suadentis articulo, sed propria mici /nobis acce(n)sit uoluntas, ut uindere / uindiuimus / uendimus ego /nos... tibi / uobis iam dito(s)...* É o tipo de fórmula, chamada xeralmente dispositiva, que nos indica o tipo de acto xurídico que se documenta, garantindo que se fai con plena liberdade.

—*Si quis tamen aliquis omo inquietare uoluerit pro ipsa terra aut ego aut quiliue ominem, illicita asertoris uel subrogata mea persona que in iudicio uindicare non ualero post parti uestre, tunc abeas potestatem adprendere de me ipsa terra duplata uel meliorata.* É a fórmula que garante a firmeza do acto, a súa irreversibilidade e as sancións para quen intentase facelo.

Pero o carácter formular non se reduce a isto. No medio dos elementos particulares poden aparecer, por exemplo, enumeracións xenéricas tipo *prata pasqua, montes, fontes, petras mobiles et immobiles, aquas aquarumque ductus...*, o que non quere dicir que todos os elementos citados teñan existencia real, senón que a transacción comprende a totalidade do que se acha nos bens inmoebles obxecto do contrato. É interesante ver como nalgúns documentos poden aparecer termos distintos segundo se trate de elementos formulars ou non.

No que poderíamos chamar chanzo máis baixo, aparecen os procedentes de pequenos centros, como é, por exemplo, o caso da colección de fondo de Otero de las Dueñas no norte da actual provincia de León. Vexamos algún exemplo:

[]. . et est illa terra cirka illo rego qui descende de Petraseta et per illa karare qui discurre por ad kasa de Llila Martiniz et per termino de Furtunio et aflige in rio unde primos dixi. Dauo uobis ipsa terra pro que *abuit ad iurare* et metere mano ad kalda; et *rogauit* ad uos con omnes bonos et lesestes mihi de iuramento. (Fernández Flórez / Herrero 123).

Neste, como ocorre nos redactados por persoas con menor grao de formación, pódese observar facilmente unha maior presenza de elementos moito máis próximos á lingua coloquial, pero esta afirmación necesita ser matizada. En primeiro lugar, cando se fala de menor grao de formación, debe entenderse que isto non se reducía, nin moito menos, a “coñecer as letras”: existe un grao de formación nada desprezable no coñecemento da gramática e un grao, polo menos aceptable, de lecturas previas. Agora ben, á hora de redactar un documento poden coincidir unha serie de factores cuxo peso relativo non é fácil de avaliar: o interese na claridade e eficacia xurídica da redacción, que non é necesariamente sinónimo de calidade literaria e que afecta tanto ás partes interesadas como a terceiros, a propia habilidade de quen os redacta, o seu particular xeito de entender e reinterpretar as fórmulas e toda unha serie non sempre fácil de seguir de tradicións que poderíamos chamar locais. Tendo isto en conta, observemos o que podemos achar neste pequeno fragmento:

- a) Cuestións de grafía que nos poden estrañar a primeira vista, pero que están na máis antiga tradición. É o caso de K- ante *a* que vemos en *cirka*, *karare*, *kasa*, *kalda*. É tamén o caso de ausencia de H- inicial en *abuit*, *omines*.
- b) Formas verbais de 3ª persoa sg. nas que se aprecia a perda de *-t* final, como *descende*, *discurre*, *afflige*; á beira delas aparecen outras de 1ª p. sg. nas que aparece como grafía inversa: *abuit*, *rogauit*.
- c) Unha forma verbal *-dauo-* (que pode aparecer tamén como *dabo*) que ten valor de presente, equivalente a *do*.
- d) Palabras que poden considerarse máis ben do romance: *kasa*, *rio*, *lesestes* ¿“laxa[u]l[istis”?, *por*, *con*. Agora ben, é distinto o caso de *kasa*, por ter adquirido o sentido de *domus*, que o das demais. En *rio* podemos falar dunha forma románica máis que nada pola ausencia de *-s* final, pois a forma *rius* está testemuñada moito antes. En *lesestes* as aparencias poden enganarnos, pois máis ben podería supor, sen máis, un reflexo da pronuncia con palatalización da forma *laxastis*, lexitimamente latina, como xa vimos e onde o primeiro *-s-* representa, moi probablemente, [ʃ].
- e) Construcións e perífrases románicas: *illa terra* e *illo rego*, onde o demostrativo ten xa valor de artigo; *abuit ad iurare*; *con omnes bonos*. Á beira delas, algunhas que non poderían clasificarse decididamente como tales: *cirka illo rego*, pois a omisión de *-m* final e a vacilación entre vogal *-u-* e *-o-* están testemuñadas desde moi antigo; o mesmo en *per illa karare*. En *dauo uobis ipsa terra*, á parte da forma *dauo* (que, a primeira vista, non é necesariamente de romance, aínda que

quizais podería ser un compromiso gráfico que represente unha forma **dou*), a forma pronominal *ipsa* aparece xa con valor de demostrativo de segundo grao de proximidade e, respecto da ausencia de *-m*, procede o mesmo comentario que no caso anterior; o mesmo vale para *mano* e *ad kalda*.

Os exemplos de textos do tipo do que acabamos de ver son moi numerosos e a súa clasificación lingüística veu sendo obxecto de polémica, basicamente centrada en dilucidar se estes textos son máis latinos ou máis romances. Chegouse mesmo, de acordo cunha teoría difundida a partir de 1980 aproximadamente, a pensar que a lingua destes textos non é outra cousa que puro e simple romance escrito cunha ortografía arcaizante, chegándose ata a afirmar que unha forma como *tenetur* leríase como “é tido”. Como xa afirmei en varias ocasións, o feito de que a forma de ler o latín se acomodase á realidade fonética do momento leva necesariamente a que moitas formas latinas sexan foneticamente iguais ás da fala do momento, é dicir, ás do romance falado, en medida moito maior que o que pode ocorrer aínda hoxe ao ler o latín coa pronuncia “clásica” habitual: ninguén poderá negar que formas como *rosa*, *libros*, *libra*, *amo*, *amas* e moitas máis son “idénticas” en galego ou en castelán ás latinas. Agora ben, ninguén no seu san xuízo afirmaría que tales formas dentro dun texto latino son do galego ou viceversa. Evidentemente, a comparación non é de todo exacta, pois hoxe é innegable que unha e outra son e séntense como dúas linguas distintas, cousa que, insisto, aínda que para un observador actual puidese ocorrer obxectivamente entón, ese romance temperán non era percibido como un sistema distinto.

Á parte de que sexa ilusorio interpretar como romance secuencias como *nullius cogentis imperio* ou como o comezo do documento de San Vicente de Oviedo que xa citei, tamén o é no caso de formas en formas como *audurum* ou *cingidur*, que si demostran, en cambio, como podía ser a súa pronuncia. Pero aínda hai máis: a mencionada teoría supón de facto, e creo que é moito supor, algo que é consubstancial á escritura alfabética, por moito que o sistema sexa arcaizante, etimolóxico, etc. e que é unha análise máis ou menos explícita do sistema fonolóxico da lingua para crear despois un sistema de equivalencias gráficas máis ou menos coherente. Pero xa vimos que o ensino da escritura baseábase nas tradicionais *litterae* e só descoidos nas regras ortográficas podían dar lugar como vimos a variacións xa testemuñadas desde séculos antes. Con todo, pode xurdir o problema de como se han de escribir palabras que non forman parte da tradición latina escrita, moi especialmente nomes propios de orixe xermánica ou árabe e termos referentes a novas realidades. O mecanismo seguido consiste en empregar letras ou combinacións de letras co mesmo valor grafemático que tiñan nese

momento, de acordo coa evolución da forma de ler o latín. Cando os sons a transcribir respondían aos valores que poderíamos chamar “tradicionais” ou “alfabéticos” non se presentaba ningún problema: *ta* representaba [ta], *ba* ou *ua* representaban [ba], etc. Pero cando se trataba dun son palatal botábase man de calquera das combinacións que na práctica o representaba. Por exemplo, para [ɲ] podíanse aproveitar as posibilidades que ofrecía *agnus* (<gn>), *uinea* ou *uinia* (<ne> ou <ni>) ou *sobrinus* (<in>); ademais, en zonas nas que, por exemplo, *annus* dese lugar a [año], tamén <nn>. Podía tratarse tamén de letras simples, como é o caso de *C* ou *G* ante vogal anterior. A primeira delas podía alternar con *Z* e a segunda con *I* ou, no medio de palabra e ante vogal *DE* ou *DI*. Tamén, por exemplo, *PL* ou *CL* para representar [tʃ] ou noutras zonas [ʎ]. Igualmente *SC*, *X* e *IS* ou *SI* (+ vogal) para [ʃ]. En ningún caso se usan dígrafos formados por letras que formen combinacións distintas das que se daban tradicionalmente en latín e os únicos signos modificados son *ç*, que pode alternar con *c* e *z*, e *ç* que alterna con *ae*.

Todo isto refírese, está claro, ao que se dá na Península Ibérica non suxeita a dominación árabe coa excepción da Marca Hispánica, ligada ao Imperio Carolinxio e cuns usos de escritura vinculados desde o século IX á reforma carolinxia. Pero aproximadamente a partir de 1080 e coa introdución da liturxia romana chegan novos hábitos de manexo do latín. A novidade maior é que se vai estendendo aos poucos unha nova forma de lelo pronunciando todas as letras e rompendo así coa tradición hispánica e coa proximidade entre romance e latín. Unha consecuencia disto é que cando se realiza unha copia dun documento anterior introdúcense modificacións gráficas (e tamén de léxico e morfoloxía). Indicios enormemente seguros de que estamos ante unha copia ou unha falsificación é que aparecen formas como *dampnatio* ou *calumpnia* (nas que a presenza de *-p-* indica que se debía ler nasal labial máis nasal dental) onde antes aparecían *damnatio* e *calumnia* e onde o grupo *mn* representaba ou ben simple [n] ou o seu correspondente palatalizado; ou ben esta última se seguía *i* + vogal; igualmente é indicio do mesmo a presenza de formas como *nichil* ou *michi*, indicadoras da súa lectura con [k] en lugar de, respectivamente, *nicil* ou *nizil* e *mici*, *mici*, *mizi* ou ata *micz*, formas estas, por certo, que nada teñen que ver co romance.

Disto dedúcese que se queremos achegarnos á realidade lingüística anterior a 1080 habemos de utilizar unicamente documentos orixinais, pois as copias pódennos desfigurar moito a imaxe. A partir desa data, tanto ao efectuar copias como ao redactar documentos, vaise detectando un esforzo por mellorar o latín, pero sen que isto supoña, nin moito menos, o desterro de léxico romance, incluíndo, está claro, os préstamos xa mencionados do árabe ou de orixe xermánica. Pero a partir de agora estas formas na súa representación escrita van ser cada vez menos dependentes das regras do latín e

vanse a ir introducindo novos procedementos: entre eles o novo valor do dígrafo *CH*, xa con valor de [t].

Esta emerxencia dun novo aspecto visual do léxico romance é un indicio de que este está empezando a sentirse como algo autónomo con respecto ao latín. Pero ata cando se empeza a producir a súa emancipación, sería, ao meu entender, un anacronismo o pensar que se sentía xa como galego, leonés, etc. Independentemente de que as isoglosas de entón coincidisen ou non coas actuais, as diferenzas diatópicas eran tan progresivas como aínda se pode ver. Ou quizais máis, debido á inexistencia dunhas superestruturas de linguas románicas codificadas e suxeitas a regras nun determinado territorio, pois ese papel, de existir como tal, correspondía aínda ao latín.